



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CONCELLO DA LARACHA**

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 29 DE XUÑO DO ANO 2016**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 35 minutos do día 29 de xullo do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

**CONCELLEIROS**

**Grupo político municipal P.P.**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO

CRISTINA VIEITES CALVO (Incorpórase á sesión ás 13:36 horas)

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

**Grupo político municipal B.N.G.**

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

**Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 1 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

**Grupo político municipal Mixto**

ANTONIO ANTELO AÑÓN

**Escusan a súa asistencia**

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación o sr. alcalde anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando o sr. alcalde que no que vai de ano 2016 son 26 as vítimas e 6 en investigación.

Durante a explicación do sr. alcalde incorpórase á sesión Cristina Vieites Calvo, concelleiro do grupo político municipal do PP.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular ás actas das sesións ordinaria do 27 de maio e extraordinaria do 30 de maio de 2016.



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 2 de 61.



### Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, sinala que na acta da sesión do 27 de maio de 2016 en relación coa súa pregunta dun “gasocentro”, dise “centro de distribución de gas a domicilio” cando é de gasóleo.

O sr. Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, sinala que na mesma acta en relación coa súa pregunta 2895/2016, en relación co expediente de revisión de oficio iniciado hai xa varios meses do contrato feito en 2009 coa empresa Hidroeléctrica Laracha para a subministración eléctrica do Museo dos Muíños na antiga reitoral de Golmar, sinálase na acta que o sr. Alcalde contestou que mediante Resolución da Alcaldía do 30 de outubro de 2015 declarouse a nulidade do acordo e reclamouse a devolución a Hidroeléctrica de Laracha e xa foi devolto, pero non aclara se de Hidroeléctrica ao concello ou da cantidade devolta á Deputación, contestando o sr. secretario que a cantidade foi devolta por Hidroeléctrica de Laracha ao concello, e que a esta data tamén está devolta a cantidade que corresponde á Deputación Provincial.

Sometidas as actas a votación, coa rectificación do erro material de “gas” onde debe dicir “gasóleo” na acta do 27 de maio de 2016, quedan ***aprobadas por unanimidade dos membros presentes.***

### **2.- MODIFICACIÓN DA BASE Nº 20 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.-**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, en relación co presente asunto, onde se deu conta da necesidade de modificar a Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, en concreto, na subvención nominativa acordada en sesión plenaria o día 23 de marzo de 2016 á Asociación Xunta parroquial Mosteiro de San Pedro de Soandres para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares, en tanto que este ano a organización dos festexos corre a cargo da Asociación Cultural e Comisión de Festas de Soandres.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, consistentes na modificación do destinatario da subvención nominativa acordada en sesión plenaria o día 23 de marzo de 2016 á Asociación Xunta parroquial Mosteiro de San Pedro de Soandres para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares, en tanto que este ano a organización dos festexos corre a cargo da Asociación Cultural e Comisión de Festas de Soandres:

- Subvención nominativa á Asociación Cultural e Comisión de Festas de Soandres para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.000,00 euros

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles a modificación mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

**TERCEIRO.-** Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, a referida modificación se non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

**CUARTO.-** Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación da base de execución, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

**QUINTO.-** Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**3.- APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS ECONÓMICAS POR EMERXENCIA SOCIAL.-**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 4 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O secretario da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 22 de xullo de 2016, na que se deu conta do expediente formado no que consta:

- Acordo do Pleno da Corporación en sesión do 27 de abril de 2016 aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas Económicas por Emerxencia Social.
- Exposición pública da aprobación inicial mediante anuncio no BOP nº 86 do 06/05/2016, téndose recibido unha alegación do grupo político municipal do BNG (registro de entrada nº 2894/2016 do 18/05/2016).
- Informe da Traballadora Social do 17 de xuño de 2016 no que propón desestimar a alegación nº 3 e estimar a nº 5 das incluídas no referido escrito do grupo político municipal do BNG

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, manifesta que só acepta unha das súas alegacións das cinco presentadas e explica que, se é compatible coa RISGA segundo o informe da traballadora social nada teñen que obxectar e no caso da primeira, tanto un compromiso de orzamento mínimo ou de tramitar expediente de modificación de crédito, pareceríalles ben pero, nas outras dúas (a 2ª e a 4ª) solicítase aumentar contías máximas de ingresos e parécelles importante.

O sr. alcalde insiste en que xa dixo no Pleno que ningunha familia cunha emerxencia económica e informe favorable de servizos sociais vai quedar sen axuda e, se non hai crédito proporán modificación pero que non lle parece oportuno poñer unha cantidade de referencia, e así este ano hai no orzamento 30000 euros, máis do dobre que no 2014. Continúa o sr. alcalde sinalando que o 75% do IPREM no artigo 4 e o 50% no artigo 9 é suficiente. Remata afirmando que é importante contar con esta ordenanza.

O sr. Sande Muñiz adianta que se non hai aceptación das alegacións vanse a abster.

O asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por trece (13) votos**



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 5 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto e dúas (2) abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do BNG, , o seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.-** Estimar, segundo o informe da traballadora social, a alegación nº 5 das presentadas polo grupo político municipal do BNG (registro de entrada nº 2894/2016 do 18/05/2016) de xeito que se suprime do artigo 10.2 a mención “de forma excepcional”.

**SEGUNDO.-** Desestimar as alegacións nº 1º, 2º, 3º e 4º das presentadas polo grupo político municipal do BNG (registro de entrada nº 2894/2016 do 18/05/2016) polos seguintes motivos:

- 1º.- Non parece oportuno poñer unha cantidade de referencia.
- 2º.- A referencia ao 75% do IPREM no artigo 4 semella suficiente.
- 3º.- Existe compatibilidade coa RISGA segundo o informe da traballadora social.
- 4º.- A referencia ao 50% do IPREM no artigo 9 semella suficiente.

**TERCEIRO.-** Aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal reguladora das axudas económicas por emerxencia social, coa seguinte redacción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

*Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares. A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).*

*Pola súa banda , a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece nas competencias dos municipios a prestación de servizos sociais e*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*de promoción e inserción social.*

*A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.*

*Afondando nas competencias que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, sinálase significativamente o disposto no artigo 60 (competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos), artigo 18 c) (prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), artigo 18.3.(recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial).*

*As axudas deberán concederse unicamente seguindo os criterios establecidos na presente ordenanza, mediante unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social que se vaia a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención da situación de risco e/ou desprotección para persoas maiores e a necesidade de evitar deterioración de situacións persoais que poidan rematar en procesos de exclusión social.*

*Resulta imprescindible ter en conta aos sectores máis vulnerables e articular procedementos ou mecanismos de intervención que permitan acadar unha igualdade real e efectiva no acceso aos recursos dos servizos sociais implantados resultando necesario establecer estratexias diferenciadas co fin de evitar situacións que poñan en risco a exclusión social da poboación.*

*O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razón de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páxina/s. Páxina 7 de 61.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*conformidade e co establecido no artigo 22.2 c) da citada Lei.*

### **Artigo 1- RÉXIME XURÍDICO**

*As prestacións de emerxencia social concedidas rexeranse polo disposto na presente ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.*

### **Artigo 2- CONCEPTO.**

*1.- A presente Ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas de emerxencia social municipais, entendidas como prestacións non periódicas de natureza económica destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario, co fin de previr, evitar ou paliar, situacións de marxinación social.*

*Tamén se pode considerar emerxencia calquera situación de catástrofe sobrevida por accidente, inundación, afundimento ou calquera outra que sexa imprevisible e ante á que a persoa non dispoña de recursos para a súa solución.*

*2.- A finalidade destas axudas é dar unha resposta rápida e inmediata ás necesidades persoais ou unidades familiares que se atopen nunha situación de carencia urxente para que poidan evolucionar cara a súa autonomía e integración social, dado que estas axudas son un apoio temporal.*

*Dado que o réxime normativo e as atencións ás que respondan as axudas económicas obxecto desta Ordenanza, serán sempre temporais para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia. En todo caso, terán carácter finalista, debendo ser utilizadas para o fin para o que foron concedidas; son intransferibles. Para a súa concesión é necesaria a existencia de crédito nos orzamentos municipais.*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 8 de 61.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Cando así o determine o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais deberán estar enmarcadas nun proceso de intervención social, no que se inclúa unha análise completa da situación familiar coa aceptación expresa, por parte do beneficiario/a das condicións que figuran no deseño do proxecto de intervención social.*

### **Artigo 3. PERSOAS BENEFICIARIAS.**

*1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.*

*2.- Enténdese por unidade familiar de convivencia as persoas que vivan soas ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco ata o 4º grao por consanguinidade e ata o 2º grao por afinidade.*

*Cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.*

*3.- Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.*

### **Artigo 4- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

*1.- Residir e estar empadroado/a no municipio da Laracha de forma ininterrompida, un período mínimo de 6 meses anteriores á formulación da solicitude, coas seguintes excepcións:*

- *As vítimas de violencia de xénero*
- *As persoas emigrantes galegas, que sexan orixinarias do concello da Laracha, cando fixen aquí*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*a súa residencia.*

- *As persoas estranxeiras, refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite, así como as que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias, sempre que en todos os casos cumpran o resto dos requisitos para solicitar esta axuda.*

2.- *Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ó 75% do IPREM, deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda (ata un máximo de 250 euros). Para efectos do cómputo de ingresos poderase solicitar calquera documentación que se considere necesaria para a acreditación dos recursos económicos familiares no momento de realizar a solicitude. No caso dun só membro da unidade familiar, o límite de ingresos será o equivalente ó importe da pensión non contributiva deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda (ata un máximo de 250 euros).*

3.- *Capital mobiliario: entenderanse medios económicos suficientes no que respecta ós recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen 2 veces o importe do IPREM, en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarase o saldo recollido nos movementos bancarios dos 6 meses anteriores á data da solicitude).*

4.- *Capital inmobiliario: que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar non sexa propietario/a ou usufructuario/a de bens inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indique de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ó gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade destinada a vivenda habitual.*

5.- *Non dispoñer de outros bens mobles ou inmobles que indiquen signos externos de riqueza.*

6.- *No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios básicos ou polo servizo especializado que corresponda.*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páxina/s. Páxina 10 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### **Artigo 5.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES**

*Estas axudas serán incompatibles con calquera outra prestación pública, dereito á percepción económica ou ingreso privado que lles puidese corresponder ás persoas beneficiarias para a mesma finalidade, agás naqueles casos en que sexa considerado oportuno outorgar axudas de maneira complementaria, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes sociais, sen que a suma de todas elas supere o importe do custo da necesidade a cubrir.*

### **Artigo 6.- DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS**

*1- Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos económicos de toda a unidade familiar.*

*2- Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendementos de traballo, retribucións, rendas, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data da solicitude. Terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Cando esta non proceda ou non sexa obrigatoria realizala, acreditaranse os ingresos con certificacións dos organismos correspondentes ou no seu defecto cunha declaración xurada, e certificado negativo da correspondente Delegación Tributaria.*

### **Artigo 7.- GASTOS SUSCEPTIBLES DE AXUDAS**

*As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos extraordinarios polas seguintes situacións de necesidade:*

*a. Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección:*

- Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: alimentos (alimentos perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social, así como alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo: celíacos,*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páginas/s. Página 11 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*intolerancias, diabéticos, ...), vestuario e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.*

- *Gastos sanitarios: gastos de farmacia destinados ó pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo do Servizo Galego de Saúde e outros de análoga natureza. Coidados sanitarios, desprazamentos, próteses e axudas técnicas que non estean incluídas no catálogo do Sergas e se valoren como necesarias para alcanzar unha maior autonomía ou mellora nos coidados que precisa o solicitante.*

*b. Axudas de uso e mantemento da vivenda:*

- *Importes pendentes para evitar o desafuzamento*
- *Equipamento e mobiliario básico*
- *Arranxos na vivenda habitual, que por valoración técnica se estimen necesarios no referente ó mantemento e conservación da vivenda.*
- *Pago de recibos de luz, auga, gas, cotas comunitarias e outros similares cos que contraera unha débeda.*

*c. Transporte ou gastos derivados de desprazamentos:*

- *A recursos asistenciais ou sanitarios fora do propio municipio cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levados a cabo dentro deste.*
- *Desprazamentos dentro propio municipio cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co programa de educación familiar, asistencia a recursos sociais ou sanitarios.*

*d. Axudas para a realización de actividades de inserción socio-laboral.*

- *. Asistencia a cursos de formación regrada ou non: matrículas, material e transporte.*

*e. Axudas para aloxamento alternativo:*

- *. Aloxamento de urxencia, manutención e gastos de desprazamento en casos de vítimas de violencia de xénero e as persoas dependentes delas.*
- *. cando sexa imposible a permanencia da persoa ou familia no seu domicilio habitual por situación*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*de catástrofe e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.*

*f. Axudas para sepelio.*

- . cubriranse os gastos básicos do sepelio; en casos excepcionais e debidamente xustificadas poderanse cubrir gastos de incineración.*

*g. Outros gastos excepcionais, non recollidos nos apartados anteriores, valorados polo persoal técnico do departamento de servizos sociais, como indispensables para prever a marxinação e exclusión social, así como favorecer a normalización de individuos e familias.*

**Artigo 8.- ORZAMENTO**

*A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamento municipal anual, na partida consignada a tal efecto.*

**Artigo 9.- CONTÍA DAS AXUDAS**

*En concepto de subsistencia ata o 50% do IPREM ata un máximo de 3 meses ó ano.*

*Por calquera outro concepto: ata un máximo do 200% do IPREM anuais, en unha ou varias solicitudes por diferentes conceptos. No mesmo ano non se concederá mais dunha axuda polo mesmo concepto, tanto ó solicitante como a outro membro da unidade familiar.*

*Cando a situación o faga necesario, logo da valoración e proposta razoada do persoal técnico do departamento de servizos sociais que o fará constar no informe social, e de forma excepcional, o importe poderá alcanzar o 100% da axuda solicitada*

**XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páginas/s. Página 13 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**Artigo 10.- FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.- As solicitudes, acompañadas pola documentación especificada no artigo 6, formalizaranse conforme ao modelo establecido no deste regulamento (Anexo I), e presentaranse no rexistro municipal ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Os expedientes poderán ser incoados de oficio, mediante informe social emitido polo persoal técnico de servizos sociais, cando concorran circunstancias extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

3.- As solicitudes das axudas de emerxencia social poderán presentarse en calquera momento do ano.

**Artigo 11. DOCUMENTACIÓN**

1. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Orixinal do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.
- b) Orixinal do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación.
- c) Orixinal da sentenza de separación ou divorcio ou do convenio regulador ou documento regulador das relacións paterno-filiais, se é o caso.
- d) Volante de empadramento colectivo no que conste a data de alta. O certificado será solicitado á oficina xeral municipal por parte dos servizos sociais do Concello.
- e) Último recibo aboado do IBI e IVTM (no caso de ser titulares de bens). O certificado será solicitado á oficina de recadación municipal por parte dos servizos sociais do Concello.
- f) Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario da vivenda, e os últimos xustificantes de pagamento, se é o caso.
- g) Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral relativo aos 6 meses anteriores á presentación da solicitude. Para esta xustificación compre



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 14 de 61.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

presentar a seguinte documentación acreditativa:

- *Nóminas de todos os membros da unidade familiar computables e que perciban haberes.*
- *Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego.*
- *Certificación de percibir ou non prestacións ou pensións por parte da Seguridade Social.*
- *Autorización ao Concello da Laracha para acceder aos datos tributarios debidamente asinada por todos os membros que formen parte da unidade familiar de convivencia ou certificación dos mesmos expedida pola axencia tributaria.(Anexo II)*
- *Extracto de movementos da contas bancarias das que sexan titulares ou cotitulares, nos 6 meses anteriores á petición da axuda*
- *Naqueles casos nos que non sexa posible achegar a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración responsable.*

*h) Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administración públicas competentes ou institucións privadas.( Anexo III)*

*i) No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia, si fose o caso e se lle requirira.*

*k) Certificado de grao de discapacidade e/ou grao de dependencia, se é o caso.*

*l) Documentación acreditativa da situación de necesidade determinantes da solicitude. Esta documentación debe ser orixinal, así como o xustificante do custo ou orzamento nos casos que proceda.*

*m) Certificación da conta bancaria na que deba efectuarse o ingreso( Anexo IV), de ser o caso, ou documento de pagamento delegado. (Anexo V)*

*n) Informe de vida laboral.*

*ñ) No caso de vítimas de violencia de xénero deberá presentar documentación xustificativa.*

*o) Declaración responsable de estar o corrente no pago das débedas a Facenda e á Seguridade Social e de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario da axuda. (Anexo VI).*

## Artigo 12. PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DA AXUDA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

1. *Presentada a solicitude, ben de oficio ou a instancia de parte, conforme ao establecido nesta ordenanza e acompañada da documentación establecida no artigo 11, serán os servizos sociais quen reciban o expediente e comprobren que a solicitude está completa.*

2. *No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 de dito texto legal.*

3. *Dende o departamento de Servizos Sociais remitirán a solicitude ó departamento de intervención coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención á natureza do gasto pretendido. No suposto de tratarse de reparacións dunha vivenda que estean suxeitas a licenza de obra, daráselles traslado igualmente ó arquitecto técnico municipal co fin de que emita informe técnico sobre a oportunidade da obra pretendida e os trámites necesarios para o outorgamento da licenza ou sometemento ao réxime de comunicación previa.*

4. *Os servizos sociais do Concello da Laracha realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, procederán á avaliación das solicitudes e emitirán o corresponde informe social que será vinculante, sobre a procedencia ou non da axuda e, se é o caso, o informe de intervención social personalizado.*

5. *A concesión das axudas reguladas na presente norma, está limitada pola dispoñibilidade orzamentaria establecida nos orzamentos do Concello da Laracha no exercicio ao que se imputen aos gastos. Por tanto, a concesión de axudas ao abeiro deste regulamento supeditarase en todo momento ao crédito dispoñible existente na aplicación orzamentaria de imputación do gasto.*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páxina/s. Páxina 16 de 61.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### Artigo 13.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1. De acordo co artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as axudas contempladas neste regulamento serán resoltas pola alcaldía, concedendo ou denegando a axuda solicitada, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma.

2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións. A resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes, conforme ao establecido no artigo 116 e seguintes da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

3. En calquera caso, o Concello da Laracha denegará a axuda solicitada cando, aínda reunindo o/a solicitante todos os requisitos necesarios para acceder á esta, se esgotara a correspondente aplicación orzamentaria.

4. De xeito excepcional poderá ditarse unha resolución provisional cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, ata que sexa completado o expediente, logo da certificación de crédito orzamentario.

### Artigo 14.- FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

- a. O importe de concesión librarase mediante un único pagamento.
- b. O libramento faráselle preferentemente á persoa ou entidade que esta autorice (pagamento delegado) que preste o servizo para o que se solicita a axuda, e unha vez realizado o mesmo. Excepcionalmente, previo informe social, poderase facer o pagamento directamente ao solicitante.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Os pagamentos faranse mediante transferencia bancaria ou anticipo a xustificar.*

- c. *A axuda xustificarase no prazo dun mes dende que se lle notifique a concesión da axuda, e farase mediante facturas ou outros documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán ser presentadas no rexistro xeral do Concello da Laracha.*

*Nos casos de obras de adecuación das vivendas, o prazo pódese ampliar ata os seis meses.*

## **ARTIGO 15 . OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA**

*Son obrigas da persoa beneficiaria:*

- a. *Destinar a axuda á finalidade concedida.*
- b. *Acreditar ou xustificar a realización da actividade financiada, e o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.*
- c. *Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.*
- d. *Comunicar ao concello calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar no prazo de 10 días. Este caso dará lugar a unha nova valoración da situación que poderá modificar, manter ou extinguir a axuda inicialmente concedida.*
- e. *Gardar as facturas referidas aos gastos das mesmas durante o prazo dun ano, no caso de axudas para necesidades primarias.*

## **ARTICULO 16.- SEGUIMIENTO DAS AXUDAS**

*Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexidas polas axudas de emerxencia, así como o destino que se lles dea. Poderán solicitarlles ás persoas beneficiarias a información ou a documentación necesaria para o exercicio desta función de forma*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

axeitada.

**ARTIGO 17. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.**

1.- A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda, a non xustificación da axuda, así como o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que foi concedida, implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

2.- Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

- a. Incumprimento da obriga de xustificar.
- b. Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.
- c. Incumprimento da finalidade para a que se concedeu.
- d. Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

3.- Ademais, procederá o reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas, a contía das axudas outorgadas supere o custo da actividade para a que se concedeu a mesma.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte de ser publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”.



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 19 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CUARTO.-** Publicar no B.O.P. a aprobación definitiva e o texto da Ordenanza Municipal reguladora das axudas económicas por emerxencia social, sen que a nova Ordenanza entre en vigor ata que se leve a cabo a publicación e teña transcorrido o prazo sinalado no art. 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**QUINTO.-** Contra a aprobación da Ordenanza Municipal reguladora das axudas económicas por emerxencia social do Concello da Laracha, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

**4.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8/2016.-**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado de transferencia de crédito 08/2016 sinalando que na proposta da Alcaldía estímase procedente tramitar o correspondente expediente coa seguinte xustificación, finalidade e contía:

*“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da providencia da Alcaldía do día 12.07.2016 emito a seguinte proposta ao Pleno Municipal, de acordo co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:*

**ANTECEDENTES DO FEITO**

**PRIMEIRO.** *Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 20 de 61.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.*

**SEGUNDO.** *Visto o informe de Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e a memoria da Alcaldía de datas 18.07.2016.*

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Os artigos 179 e 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*
- *Os artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.*
- *Os artigos 22.2.e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- *A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.*
- *A Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.*

*Visto o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e, por iso, de acordo co disposto no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe traslada o seguinte*

### **PROPOSTA AO PLENO**

**PRIMEIRO.** *Que se aprrobe o expediente de modificación de créditos núm. 8/2016, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
*entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).*

**Cuarto.-** *O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.*

**Quinto.-** *As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.*

**Sexto.-** *As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na ampliación da capacidade da EDAR de Laracha e na mellora do tratamento actual, no Concello de Laracha.*

*A EDAR de Laracha conta na actualidade cunha capacidade de tratamento que, en determinadas situacións, pode resultar escaso, o que pode afectar á calidade do medio receptor. Para resolver esta situación, estímase necesario incrementar e mellorar a capacidade de tratamento desta EDAR, remodelando para elo todos os elementos da liña de auga e da liña de lodos que sexa preciso.*

*En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.*

*Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de emp  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páxina/s. Páxina 43 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes*

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

*É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello Laracha para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Ampliación e mellora da EDAR de Laracha. Laracha (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.*

### **SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA**

*Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:*

- 1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.*

*As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.*

- 2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

**TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de emp  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 45 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.*

- 4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.*

*No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.*

- 5. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.*
- 6. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.*
- 7. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.*
- 8. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.*
- 9. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 46 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER**

*As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:*

- 1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014*
- 2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro*
- 3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo*
- 4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.*

**QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS**

*No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.*

*O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.*

*Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.*

**SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 47 de 61.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 2.000.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros )
2016	242.861,50
2017	971.446,00
2018	728.584,50
2019	57.108,00

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, Submedida 7.2 “apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 48 de 61.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación.*

*Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.*

*No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.*

*As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.*

### **SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS**

**Titularidade das obras.-** *O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.*

**Entrega.-** *Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.*

*Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.*

*O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.*

*Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páginas/s. Página 50 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.*

**OITAVA.- RELACIÓN LABORAL**

*A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.*

**NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:*

- *Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.*
- *Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.*

*Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.*

*Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.*

*Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 51 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

### **DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO**

*Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.*

*Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.*

### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

*O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio*

*En todo caso, a eficacia deste convenio terá unha vixencia máxima de catro anos desde a data da súa sinatura.*

### **DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

*Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este eaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*

*Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.*

### **DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."*



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 52 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Será causa de extinción automática do convenio:*

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

*Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:*

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

*A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.*

*Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.*

*No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.-*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páginas/s. Página 53 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.*

**DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA**

*De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.*

**DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE**

*A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).*

*E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado*

A presidenta de Augas de Galicia

O Alcalde de Laracha

Beatriz Mato Otero

José Manuel López Varela.”



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 54 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SEGUNDO.-** Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución para o seu coñecemento, en canto afecta a un acordo adoptado previamente polo mesmo.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo á entidade pública empresarial Augas de Galicia co fin de que sexa completado o expediente iniciado para o investimento en materia de saneamento no concello da Laracha.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Iglesias Martínez, dou fe”.

Os membros da Corporación quedan enterados da Resolución transcrita.

**10.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-**

O sr. alcalde nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, , tomando a palabra o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen sinala que o contido das mocións presentadas polo grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (registro de entrada nº 4838/2016) e do BNG (registro de entrada nº 4779/2016) é idéntico polo que de común acordo Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, procede á lectura da moción relativa á negativa do Ministerio de Fomento ao rescate da concesión da autoestrada de peaxe AG-55, en tanto que a nova AC-15 (de acceso ao Porto Exterior) está libre de peaxe ata a construción dunha nova vía de acceso portuario conectada coa rede de estradas do Estado taxada en 29 millóns de euros, solicitando ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación e que crea, ao mesmo tempo unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario.



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 55 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

2. Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC-15 de acceso ao Porto de Punta Langosteira en Arteixo.
3. Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe da AG-55 para o conxunto da poboación.
4. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

O sr. presidente procede a **someter a votación a urxencia** da moción resultando que foi votada en sentido favorable **por unanimidade dos membros presentes**, dando paso ao debate do fondo do asunto.

O sr. presidente manifesta que o seu grupo presentará unha emenda á moción dos grupos políticos municipais do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE, polo que propoñen que o acordo proposto sexa substituído polo seguinte:

- 1.- Solicitar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a creación dunha mesa interadministrativa, coa participación dos Concellos e a Deputación Provincial da Coruña, que analice dun xeito global o mapa de infraestruturas pendentes para o acceso ao porto exterior de Punta Langosteira e valore a alternativa de dedicar o importe previsto no investimento da devandita vía á liberación da peaxe na AG-55.
- 2.- Solicitar da Xunta de Galicia que continúe e mellore o impulso e potenciación das medidas dirixidas a mellorar a mobilidade das persoas e mercancías do eixo A Coruña - Carballo – Fisterra. En concreto, a posta en servizo da autovía libre de peaxe Carballo - Baio, a ampliación da área de transporte metropolitano e a implantación de descontos no transporte público (subvención dos transbordos, descontos a familias numerosas, á mocidade, etc.).
- 3.- Solicitar á Xunta de Galicia que continúe e mellore, na medida das disponibilidades económicas, as bonificacións e descontos aplicados aos usuarios da AG-55.



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 56 de 61.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

4.- Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da construción de novos accesos á vía AC-15.

5.- Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que a emenda non aposta pola liberalización da peaxe.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, anuncia que votarán en contra da emenda porque non aposta pola liberalización da peaxe.

O sr. alcalde responde que gustaríalle saber cal é o custe de liberalizar a peaxe e que fixo para logralo o bipartito.

O sr. Sande Muñiz di que no ano 2005 ampliouse polo PP a concesión ata o 2045 e engade que 240 millóns de euros non pode ser imposible cando gastaron 8000 millóns en rescatar as caixas.

Sometida a votación a **emenda do grupo político municipal do P.P. é aprobada por dez (10) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto.**

O sr. presidente somete a votación **o fondo do asunto** recordando que se somete a votación a emenda aprobada do grupo político municipal do PP aprobada, resultando que, o Pleno da Corporación, **por dez (10) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) en contra correspondentes aos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto,** adopta o seguinte acordo:

1.- Solicitar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a creación dunha mesa interadministrativa, coa participación dos Concellos e a Deputación Provincial da Coruña, que analice dun xeito global o mapa de



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 páxina/s. Páxina 57 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

infraestruturas pendentes para o acceso ao porto exterior de Punta Langosteira e valore a alternativa de dedicar o importe previsto no investimento da devandita vía á liberación da peaxe na AG-55.

2.- Solicitar da Xunta de Galicia que continúe e mellore o impulso e potenciación das medidas dirixidas a mellorar a mobilidade das persoas e mercancías do eixo A Coruña - Carballo – Fisterra. En concreto, a posta en servizo da autovía libre de peaxe Carballo - Baio, a ampliación da área de transporte metropolitano e a implantación de descontos no transporte público (subvención dos transbordos, descontos a familias numerosas, á mocidade, etc.).

3.- Solicitar á Xunta de Galicia que continúe e mellore, na medida das dispoñibilidades económicas, as bonificacións e descontos aplicados aos usuarios da AG-55.

4.- Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da construción de novos accesos á vía AC-15.

5.- Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

A continuación, Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

**2ª.- Nº REXISTRO 4780/2016.-**

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación co déficit de infraestruturas sanitarias na Laracha sen médico de cabeceira, enfermería, cita previa ou trámites administrativos en horario de tarde nin servizo odontoloxía, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao Servizo Galego de Saúde a dotar de consultas en horario de tarde ao Centro de Saúde da Laracha, de medicina xeral e enfermería, ademais de cita previa, de xeito que funcione ininterrompidamente



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 58 de 61.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

de 8 da mañá a 9 da noite, tal e como sucede xa hoxe (e desde hai anos) en todos os concellos de máis de 10000 habitantes da Área Sanitaria da Coruña.

2.- Instar ao Servizo Galego de Saúde a que dote ao Centro de Saúde da Laracha dunha consulta de odontoloxía, cunha dotación mínima de un/unha odontólogo/a e un/unha hixienista dental.

O sr. alcalde manifesta que gustaríalles ter o máis cerca posible todos os servizos pero economicamente é imposible e engade que neste momento estanse a mellorar a instalacións sanitarias do concello informando que mesmo nesta semana asinou a cesión do centro de saúde ao SERGAS tras seis anos de agarda o que suporá uns 60000,00 euros de aforro ao ano para o concello e ademais, estase a licitar a redacción de proxecto para a obra de ampliación que separará o PAC do centro de saúde. Explica o sr. alcalde que un problema para ver aumentados eses servizos é a poboación, que supón un criterio importante, sumando A Laracha e Cerceda entre 16000 e 17000 habitantes, mentres que noutros PAC aglutinan o dobre ou triplo. Remata o sr. alcalde dicindo que vanse conseguindo cousas e que neste momento aliviarán o gasto municipal e que poderá destinarse a outras necesidades mais hai unha aposta forte do goberno da Xunta por mellorar o tema sanitario.

O sr. Sande Muñiz responde que coñece de primeira man os recortes en sanidade e no ano 2009 no “panfleto” de Feijoo 009 xa dicían que ían poñer consultas en horario de tarde, e ata hoxe.

Tras breve discusión é sometida a votación a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: **dez (10) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

**3ª.- Nº REXISTRO 4781/2016.-**

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación coa malísima calidade da auga da traída da Laracha, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 59 de 61.



### Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A Corporación municipal da Laracha en Pleno insta ao goberno municipal a abordar de xeito prioritario a realización dun estudo da calidade da auga da traída, das posibles deficiencias nas instalacións e a planta potabilizadora, e as melloras necesarias para podermos obter unha auga da traída de maior calidade.

O sr. alcalde di que é para mandar ao xulgado a que o argumente, convidándoo o sr. Sande a facelo, continuando o sr. alcalde requirindo ao sr. Sande maior seriedade, pois achácalle que non ten informe nin análises, polo que considera moi grave o que din. O sr. alcalde prosigue sinalando que hai 4016 abonados e que a traída ten controis do concesionario, da Xunta e dos laboratorios, polo que a exposición da moción non está contrastada e que preséntana tras só falar cun señor que lle foi contar unha película, instándolles a ter seriedade. Expón o sr. alcalde os informes do que conclúe que a moción é unha mentira dicíndolle ao sr. Sande que non llo permite.

Neste momento comeza unha discusión que remata o sr. Sande dicindo que só plantexan que se faga un estudio porque eles falan da calidade da auga e non de que non sexa apta para o consumo.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que é un tema importante e que pode xerar alarma.

Juan Caamaño Regueira, concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que unha auga que ten sedimentos pode ser apta para sanidade pero no inverno no río Anllóns en ocasións a auga ponse marrón polos sedimentos, pero non parece que o sr. Sande estea a dicir que non sexa apta para o consumo.

O sr. alcalde contesta que nada ten que ver a turbidez da auga coa calidade e, que el é o primeiro responsable e que se está a falar de saúde pública para 4016 abonados.

O sr. Sande recrimínalle ao sr. alcalde que non leu a moción ao que o sr. alcalde lle contesta que trata de crear alarma social cando di “a calidade malísima da auga” e que o primeiro que hai que garantir é a calidade e esta está garantida.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Sometida a votación a urxencia da moción, obtívose o seguinte resultado: **dez (10) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP, dous (2) a favor dos concelleiros do grupo político municipal do BNG, e tres (3) abstencións dos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

A continuación o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, formula o seguinte **ROGO**:

**1ª.- Nº REXISTRO 4840/2016.-**

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, explica que no núcleo de Xermaña hai un camiño en estado perigoso con acumulación de auga durante o inverno e que ten cerramento con muralla ata a metade do mesmo pero despois ten desniveis de ata 8 metros, polo que solicita que por parte da alcaldía se adopten as medidas axeitadas para corrixir esta situación de risco.

O sr. alcalde explica que hai xa un orzamento para investir 8544 euros en Xermaña e Goxán.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 35 minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde.



Documento firmado digitalmente. CVD: +nOQSSGT2y3feb+6LabY  
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl  
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES  
El documento consta de un total de:61 página/s. Página 61 de 61.